



DECRETO. Aprobación das Bases de participación da actividade “Acende o Nadal” 2016

Logo de ver a proposta efectuada pola Concelleira Delegada de Educación, Xuventude e Saúde con data 8 de novembro de 2016, pola que solicita a aprobación das Bases de participación na actividade “Acende o Nadal” 2016, **RESOLVO:**

Primeiro: Prestar aprobación ás citadas Bases.

Segundo: Ordenar a súa publicación na páxina web do Concello, nos taboleiros informativos do Concello e na Oficina da Xuventude.

Bases de participación

1º) As Concellarías de Educación, Xuventude, Saúde e Cultura e Praias do Concello de Sada organizan a 2ª edición “**Acende o Nadal**” que consiste na selección mediante **sorteo** dunha familia sadense que será a encargada de realizar o acendido navideño 2016.

2º) O acendido navideño terá lugar o día **2 de decembro** ás **19:30 h.** nun punto céntrico de Sada en función das esixencias que requira a instalación eléctrica. Será publicado días antes.

3º) Poderán participar neste sorteo todas as familias empadroadas no Concello de Sada (comprobarase de oficio). A familia gañadora será a encargada de activar o acendido navideño nese acto, polo que poderán invitar a todos aqueles membros da súa familia ou achegados cos que desexen realizar unha foto de familia nese acto. Non hai límite no número de persoas invitadas.

4º) Só se admitirá unha inscrición por unidade familiar (que viva no mesmo domicilio) que será entregada ou enviada á OMIX, ben persoalmente ou a través do correo electrónico (omixsada@gmail.com) adxuntando a folla de inscrición que se atopará na páxina web (www.concellodesada.com)

5º) O prazo para presentar as inscricións será do **15 ao 28 de novembro** (inclusive) ás **18:00h.** a través de calquera das formas de presentación dispoñibles.

6º) O sorteo celebrarase o día **29 de novembro** ás **12:00 h.** no local de actividades da Oficina da Xuventude e estará aberto a todas as familias que así o desexen. A familia gañadora recibirá unha notificación vía telefónica comunicándolle o resultado.

7º) Por outra parte, establecerase unha listaxe de reserva con 5 familias no caso de que a familia que “acende o Nadal en Sada” renunciase a asistir ao acto de acendido do Nadal o día 2 de decembro.

8º) As inscricións recibidas entrarán tamén nun sorteo que terá lugar ese mesmo día no Acendido de Nadal. 3 das familias que tiveran presentado a inscrición poderán gañar a realización dunha foto familiar cun fotógrafo profesional no lugar de Sada que elixan. O sorteo será presencial, polo que a presenza será requisito indispensable para ser gañador do premio. No caso de non estar presentes se continuará co sorteo ata adxudicar os tres premios.

9º) Co obxectivo de difundir esta campaña en vindeiras convocatorias e tamén garantir os principios de transparencia, accesibilidade da información e veracidade (artigo 2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno), recolleranse gravacións en vídeo e fotografías das persoas participantes no ACENDIDO NAVIDEÑO, as cales poderán ser empregadas para noticias contidas en xornais, publicacións e mesmo divulgadas tanto a través de servizos da sociedade da información como na páxina web do Concello de Sada.

10º) A participación no sorteo Acende o Nadal 2016 implica a aceptación de estas bases.

CONCELLARIA DE EDUCACION, XUVENTUDE E SAUDE